

AS ESTRUTURAS OFFSHORE COMO UN MECANISMO DE PLANIFICACIÓN E DESLOCALIZACIÓN FISCAL NUNHA ECONOMÍA GLOBALIZADA

EMILIA NATALIA DA COSTA NOGUEIRA
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 18 de maio de 2010

Aceptado: 12 de xaneiro de 2011

Resumo: O principal obxectivo deste traballo é avaliar as diferenzas tributarias a través dunha planificación fiscal internacional sen e coa intervención dun paraíso fiscal/centro financeiro internacional "offshore" (PF/CFIO) e as súas respectivas estruturas de apoio. Avanzadas técnicas de planificación fiscal internacional permitirán utilizar as estruturas "offshore" que mellor se adapten a cada situación concreta. É cuestionable, porén, se este é o mellor medio para alcanzar o desenvolvemento económico, xa que é abundosa a lexislación emanada de organizacións internacionais para contrarrestar e limitar a actividade dos PF/CFIO. Ante a era espacial que se avexia, mantemos a esperanza de que a utilización das potencialidades existentes e daqueles que se creen permitirán superar as asimetrías mundiais entre "países ricos" e "países pobres" nun clima de paz, xa que a guerra se opón á civilización.

Palabras clave: Estruturas "offshore" / Economía globalizada / Tributación / Paraíso fiscal e centro financeiro internacional "offshore" (PF/CFIO).

THE OFFSHORE STRUCTURES AS ONE MECANISM FOR DISPLACEMENT AND TAX PLANNING IN A GLOBAL ECONOMICS

Abstract: The main aim of this work is to estimate the tax differences through an international tax planning without and with an intervention of one Tax Heaven/Offshore International Financial Center (TH/OIFC). Advanced techniques for international tax planning will make it possible to use those offshore structures that are the best suited to each concrete situation. However, it is debatable whether this the best means for achieving economic development, as there is an abundance of legislation originating from international organisations hindering and restricting the activities of TH/OIFC. With a space age approaching, we reassert our hopes in the use of existing potentialities and those yet to be created, in order to overcome global asymmetries between "rich countries" and "poor countries", in an environment of peace, as war is contrary to civilisation.

Keywords: Offshore structures / Global economics / Tax planning / Tax heaven and offshore international financial center (TH/OIFC).

1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade existe un único mercado bastante cohesionado onde se fai necesario coñecer todos os segmentos que o constitúen. O viño portugués degústase en todos os continentes, o café africano consómese en todo o mundo, e os produtos chineses expórtanse internacionalmente. Todos recoñecen que o crecemento da actividade económica superou as fronteiras políticas, rexionais e nacionais.

Nesta "era espacial", e ante una economía globalizada, os diferentes sistemas fiscais xeránlles grandes problemas aos gobernos, así como variacións nos resultados netos dos impostos dos axentes económicos, constatándose que a fiscalidade é baixa ou nula nalgúns sociedades e moi alta ou esixente noutras. A cuantifica-

ción desas diferenzas de resultados foi unha das principais causas que motivaron este traballo. Eliximos, polo tanto, como obxectivo xeral a avaliación das diferenzas tributarias entre algunhas xurisdicións fiscais mediante unha planificación fiscal internacional sen e coa intervención dun PF/CFIO e das súas estruturas de apoio.

2. OS PARAÍÇOS FISCAIS/CENTROS FINANCEIROS INTERNACIONAIS OFFSHORE (PF/CFIO) NUNHA PLANIFICACIÓN FISCAL INTERNACIONAL E AS SÚAS RESPECTIVAS ESTRUTURAS DE APOIO

2.1. O OFFSHORE NUNHA PERSPECTIVA DE XOGO FISCAL

É o noso propósito considerar inicialmente o *offshore* nunha perspectiva de xogo fiscal entre países con altos niveis tributarios e os propios CFIO, que Spitz (1999), tan oportuna e adecuadamente, expuxo na obra *International Tax Guide*.

O cobramento de tributos nas sociedades antigas estaba asociado ás conquistas, xa que o vencedor obrigaba ao vencido a pagar impostos como sinal de sometemento. Así sucedeu nos xa extinguidos imperios de Exipto, Babilonia e Siria, chegando mesmo a ser cobrado o imposto aos seus respectivos pobos.

En principio, poden considerarse tres tipos de xogos fiscais: a) a *ilusión fiscal*, que é o resultado dun acordo para pagar menos impostos, como no caso do *treaty shopping*; b) a *evasión fiscal ou fraude fiscal*, que se considera unha infracción da lei e que, a diferenza da ilusión fiscal, implica a non presentación da declaración de rendementos; e c) o *engano fiscal*, que se relaciona coa constitución de grupos de presión próximos aos poderes lexislativos e cuxo fin é a obtención de beneficios para a clase dominante.

Musgrave e Musgrave (1989), con respecto á política fiscal e á elección pública, referíanse á existencia de clases, grupos de presión e electores independentes sinalando que dalgunha maneira todos eles participaban nas decisións fiscais, de acordo co réxime político vixente nun determinado Estado. Este xogo aínda continúa —o xogo “do gato e o rato”, “Tom e Jerry”—, sen que exista unanimidade á hora de definir os paraísos fiscais ou *tax heaven* e os CFIO, aínda que inicialmente os dous tiveran igual connotación. Pode afirmarse, porén, que nos primeiros se realizan fundamentalmente investimentos financeiros, mentres que nos segundos se levan a cabo maioritariamente investimentos directos ou reais, sendo considerados ambos os dous como lugares cunha baixa ou reducida tributación.

Os mecanismos aplicados na súa utilización son os seguintes: o establecemento da residencia, a práctica de prezos de transferencia, o uso abusivo de pactos para evitar a dobre tributación internacional, e os tipos societarios máis adecuados a cada situación concreta.

Segundo Bendelow (2000), o tamaño deste mercado achégase aos 5 trillóns de dólares americanos, e os factores clave da súa elección, que son capaces de facelos competitivos, son os seguintes:

- Estabilidade política e económica e un sistema legal incorrupto.
- Boas infraestruturas e boa localización da actividade *offshore*.
- Garantía contra expropiacións e nacionalizacións dos países de acollida.
- Garantías relativas aos futuros sistemas fiscais.
- Ausencia de controis de cambio e bancarios, e dispoñibilidade de capital local.
- Adecuados servizos profesionais e bancarios.
- Actitude favorable cara ás actividades *offshore*.
- Confidencialidade e discreción bancaria e comercial.
- Eficacia dos sistemas legais, contables e administrativos.
- Requisitos favorables da lei de sociedades (sociedades anónimas).
- Utilización dos CFIO para actividades centrais de distribución.
- Tarifas aduaneiras mínimas para as importacións.
- Servizos adecuados de comunicacións e transportes.
- Capacidade para realizar importantes actividades comerciais.
- Ausencia de impostos retidos en orixe e de impostos sobre herdanzas.
- Lexislación favorable sobre sociedades e nivel aceptable de honorarios e custos.
- Reducidos niveis de impostos directos ou indirectos sobre todos ou algúns tipos de rendementos, e mínimos controis gobernamentais.
- Flexibilidade para a saída dos paraísos fiscais.
- Riscos monetarios mínimos e dereitos de propiedade garantidos.
- Posibilidade de dispoñer de xurisprudencia fiscal local, de beneficiarse de disposicións de reconciliación e de áreas libres de impostos.
- Dispoñibilidade das disposicións para o cambio e dos acordos fiscais.
- Liberdade para importar materias primas e para obter permisos de traballo.
- Requisitos mínimos nas declaracións tributarias e declarativas.
- Dispoñibilidade de títulos ao portador ou de accións sen valor nominal.
- Lexislación permisiva coa exención de empresas e cos fideicomisos.
- Aceptación legal de fideicomisos e dispoñibilidade de persoal local cualificado.
- Utilización de accionistas nominativos e dispoñibilidade de bos directores locais.
- E, por último, unha *macdonalización*, é dicir, unha cultura similar.


2.2. ESTRUTURAS DE APOIO

Os principais obxectivos son, entre outros, a creación de emprego, os ingresos para o país, a solidez financeira e as oportunidades de educación e formación. As estruturas de apoio esenciais para conseguir estes obxectivos varían, aínda que podemos citar as seguintes: *trusts* ou fideicomisos; bancos e bancos cativos; seguros e seguros cativos; sociedades xestoras de fondos de investimento (*offshore funds*);

centros de coordinación, de distribución e de servizos; compañías e sociedades anónimas; *holdings*; *shipping centers*; sociedades titulares de inmobles (*property owning companies*); fundacións; sociedades colectivas, por cotas e en comandita; asociacións; sucursais e filiais; e fusións, adquisicións e *joint ventures*.

É moi importante contar cunha tecnoloxía adecuada e con servizos de comunicación e de transporte eficientes, xunto con firmas de avogados e contables, sendo tamén necesario un bo stock de aloxamentos, é dicir, hoteis, residencias, restaurantes, bares, etc. A propia planificación fiscal *offshore* implica a existencia dunha adecuada estrutura de apoio para as actividades ou servizos proxectados (Vázquez Taín, 1998; Spitz, 1999).

• Os *trusts*, que non son fáciles de definir por ser unha figura exclusiva do sistema legal anglosaxón e dunha rama complexa denominada *equity*, son considerados como unha relación legal tripartita entre persoas e bens (figura 1).



FONTE: Elaboración propia.

O titular inicial (*settler*) transfere o *trust fund* a unha ou a máis persoas (*trustees*), quen están obrigadas a aseguralo para os beneficiarios (*beneficiaries*). Os avogados ingleses utilizan como instrumento de traballo a *Underhill's Law of Trust and Trustees*. En Portugal, o Instituto do Trust ou Xestión Fiduciaria foi aceptado no *offshore* de Madeira mediante o Decreto-lei nº 352-A/88, de 3 de outubro, co obxectivo de atraer investimento estranxeiro. Aínda que o Decreto-lei nº 323/91, de 29 de agosto, recoñecese a posibilidade da súa creación na illa de Santa María (Azores), o Decreto-lei nº 264/90, de 31 de agosto, prohibíalles aos *trusts* de Madeira o exercicio de actividades de natureza financeira.

• Os bancos son habituais en calquera país e prestan innumerables servizos bancarios; os bancos cativos son típicos dos PF/CFIO e a súa finalidade é beneficiar e protexer os grupos multinacionais dos seus clientes e provedores.

• As aseguradoras, ao igual que os bancos, tamén son frecuentes en calquera país prestando servizos de seguros, mentres que as aseguradoras cativas son estruturas específicas dos PF/CFIO. Teñen funcións limitadas, asegurando e reasegurando os riscos das propias compañías, aínda que ás veces poidan realizar outros servizos.

- As sociedades xestoras de fondos de investimento (*offshore funds*) gozan de enormes vantaxes. Establecidas nos PF/CFIO, xeralmente non distribúen os seus rendementos, senón que os reinvesten para obter maiores ganancias para os seus participantes.

- Os centros de coordinación (CC), de distribución (CD) e de servizos (CS) son frecuentes en Bélxica e en Holanda. Un CC é unha compañía ou unha sucursal belga dunha compañía estranxeira que forma parte dun grupo internacional que só realiza actividades que beneficien ao grupo e que cumpran certos requisitos de emprego mediante un acordo cuxa vixencia é de dez anos. A base de tributación achégase ao 8% do total dos gastos operativos e están exentos do imposto real estatal e do rexistro.

Un CD tamén pode ser unha compañía ou unha sucursal belga dunha compañía estranxeira. É parte dun grupo belga ou estranxeiro de compañías dependentes e pode participar en actividades asociadas de axencia, de tratamento de bens sen crear valor engadido, ou administrativas. Está suxeito ao sistema de tributación habitual para sucursais e corporacións, e non está prevista a concesión de ningunha vantaxe adicional.

Un CS, ao igual ca os demais centros en termos de estruturas, só pode funcionar para beneficiar ao grupo; o sistema de tributación aseméllase ao anterior; e se se autoriza, terá unha duración de dez anos.

- Tanto as compañías como as nosas sociedades anónimas réxense por leis propias nas distintas xurisdicións a nivel internacional, presentando diferenzas máis ou menos significativas. É importante saber que tipo de información debe incluírse na escritura de constitución, tanto a nivel de estatutos como de regulamentos, ademais doutros aspectos que se consideren pertinentes. Tamén é interesante coñecer os límites relativos dos poderes da compañía ou da sociedade anónima, así como saber se eses límites se recollen nos documentos ou se é posible marcar algúns con posterioridade. Para unha boa xestión tamén deberían coñecerse as disposicións que regulan o capital social como, por exemplo, se se permiten accións ao portador, accións sen valor nominal, accións amortizables, accións con ou sen dereitos especiais de voto ou as clases de accións con diferentes dereitos relativos aos ingresos ou ao capital, e calquera outra cousa que poida interesar nese momento. Tamén é importante coñecer os regulamentos dos órganos sociais e do persoal executivo, visando a residencia de accionistas e directores, as súas respectivas nacionalidades, os requisitos e os locais elixidos para as reunións, a publicación dos nomes, os horarios, etc. Se existiran filiais ou sucursais nacionais ou estranxeiras, debería saberse cal é o tratamento que lles outorgan as empresas matrices, xa que varía en función dos sistemas legais: nuns casos implica a posesión da maioría ou da totalidade do capital social en accións, e noutros é suficiente con que posúan o 5% do capital social. O papel destas empresas é moi variado: controlar empresas industriais ou comerciais; accións de cambio; financiar empresas do grupo; obter ingresos baixo a forma de dividendos, *royalties*, patentes, préstamos ou dereitos de licenza, entre

outros, podendo actuar tamén como intermediarias nunha estrutura de grupo de forma que poidan ser consideradas subsidiarias ou filiais.

As sociedades anónimas portuguesas teñen un capital mínimo de 50.000 euros, e caracterízanse polo seguinte: ante as débedas da sociedade responde o seu patrimonio (artigo 271 do CSC); cada socio está suxeito individual e exclusivamente ante as débedas da sociedade polo valor da súa entrada (artigo 271); as participacións dos socios son as accións, que constitúen fraccións do capital social de igual valor nominal, aínda que non deben ser menores de 1 céntimo e deben estar representadas por títulos libremente negociables (artigos 271, 274, 276.2, 298 e seguintes).

- Os *holdings*, que son sociedades moi comúns en calquera país, teñen como actividades principais adquirir participacións noutras sociedades ou ocasionalmente administrar bens, sen ter unha actividade comercial. Permiten a localización dos beneficios do grupo no país elixido. A flexibilidade do seu réxime permite que sexan facilmente disoltos pola empresa matriz e transferidos dun país a outro en función dos beneficios fiscais. Esta localización é importante porque proporciona a redución dos gastos globais do grupo. Unha empresa matriz ficticia recibe os rendementos (dividendos, xuros, *royalties*, patentes, etc.) das filiais e coordina a súa política de redistribución. Os fondos poden ser enviados á empresa matriz, reinvestidos ou transferidos como préstamos ás filiais. Se a sede do *holding* fose estranxeira estaría exenta dos gastos de constitución e tería, entre outras vantaxes, exencións ou reducións nos dividendos; exencións sobre as ganancias de capital; privilexios recíprocos coas filiais; confidencialidade do titular, se fose requirida; vantaxes nas fusións de compañías, se estiveran formadas por compañías localizadas en varios países; e deferimento fiscal no país doméstico.

Segundo Shelton (2000), existen tres regras básicas: 1) non negociar nunca con *holding companies* nacionais, porque os dividendos sempre son interceptados; 2) non negociar nunca con *holding companies* de países protexidos (exemplo: un *holding company* francés para impedir un *holding company* francés de axuda a un grupo francés ou para a consolidación fiscal dun grupo francés; e 3) negociar só con *international holding companies*.

Son factores importantes que cómpre ter en conta os dividendos recibidos, as ganancias de capital sobre a venda de accións, as retencións de impostos recibidos no país da compañía ou os pagamentos polo *holding company* á *parent* estranxeira, a estabilidade das leis fiscais, e a actitude relativa aos niveis da Administración fiscal e da política económica e financeira do Estado en cuestión.

En Portugal, as *sociedades xestoras de participacións sociais* (SXPS) só poden ter por obxecto a xestión das participacións sociais doutras sociedades baixo a forma indirecta do exercicio da actividade económica, de acordo co réxime xurídico especial contido no Decreto-lei nº 495/88, de 30 de decembro. En Bélxica son moi utilizadas polas multinacionais como centros de coordinación, centros de distribución e centros de servizos. Existe un *substancial holding* se a súa participación di-

recta nunha filial cualificada (residente ou non residente) totaliza cando menos o 10%, ou se o seu prezo de compra fora cando menos de 1,2 millóns de euros durante un período mínimo de doce meses nunha das seguintes alternativas: a) por unha *parent company* residente, plenamente suxeita ao imposto sobre o rendemento; b) por unha sucursal luxemburguesa dunha compañía residente na UE; ou c) por unha compañía residente nun país cun tratado de dobre tributación.

- Os *shipping centers* utilízanse frecuentemente para o rexistro de navíos, sendo a bandeira do navío a da nacionalidade do rexistro, malia que a xestión da sociedade poida ser eventualmente outra. Distintos PF/CFIO –coma, entre outros, Chipre, as illas Caimán, Madeira, Xibraltar ou Hong Kong– proporcionan as coñecidas “bandeiras de conveniencia” polas facilidades que conceden.

- As fundacións son o destino dun determinado patrimonio para lograr o obxectivo establecido polo seu fundador. Pode estar constituída por unha ou por máis persoas e de forma fiduciaria por razóns de anonimato. O acto de constitución, que deberá ser escrito, conterá as empresas recoñecidas dos fundadores, a denominación e a sede, o fin, a identificación dos bens depositados, a descrición da súa organización e o destino do patrimonio social en caso de disolución.

A fundación familiar está relacionada cos plans de sucesión, tendo en conta o destino do patrimonio en beneficio dunha determinada persoa. Os estatutos deben conter a denominación da fundación e o seu domicilio, a súa duración e propósito, o seu patrimonio social e os órganos sociais, a modificación dos estatutos e a súa disolución. Ten personalidade xurídica, podendo abrir contas bancarias e actuar como calquera outra persoa xurídica. Son frecuentes en moitos países, pero son moi típicas no principado de Liechtenstein, onde un cidadán pode ter dereito de sinatura conxunta con outro membro e a persoa de confianza ter dereito de sinatura individual.

- As sociedades colectivas teñen unha lexislación específica e diferente en función do país. En Estados Unidos, por exemplo, os “Regulamentos do Tesouro” sinalan seis características nestas sociedades, identificadas polo Tribunal Supremo: a existencia de asociados, que os seus obxectivos sexan a realización de negocios e a distribución dos beneficios, que teñan continuidade de vida, dirección centralizada, libre transferencia de intereses na propiedade e responsabilidade limitada. As dúas primeiras son comúns ás sociedades anónimas e ás compañías, e só as catro últimas serven para distinguir este tipo de sociedades, aínda que de momento se recorra a unha proba automática.

En Portugal, estas sociedades implican unha responsabilidade persoal, solidaria, subsidiaria e ilimitada dos socios ante as débedas da sociedade, motivo polo cal non son moi frecuentes, ao contrario das sociedades por cotas, cuxa responsabilidade está limitada á cota de cada socio, manténdose, polo tanto, as características solidarias e subsidiarias.

- As asociacións son estruturas moi frecuentes debido ás normas gobernamentais e aos intereses dos asociados (*partners*). En Guernsey, por exemplo, é posible

un rexistro comercial autónomo con acceso a un número IVA. Os *partners* teñen responsabilidade limitada e son os únicos que tributan. Malia que a asociación no Reino Unido é un negocio transparente, en Inglaterra non existe unha entidade legal separada, mentres que si existe en Escocia. As asociacións baséanse no *Limited Partnership Act* do ano 1907.


- As sucursais e filiais son moi comúns en calquera país. As primeiras non teñen personalidade xurídica independente da empresa matriz, ao contrario das subsidiarias. Ambas as dúas prestan numerosos servizos.

- As fusións, adquisicións e *joint ventures* son tratadas na *Merger Directive* da UE, que tamén se refire ás divisións, transferencias de activos e cambios de accións nas que participan compañías de dous ou máis Estados membros. Así, unha fusión pode ser unha operación na que se disolva ou liquide unha compañía, transferíndolle os seus activos e responsabilidades a outra compañía xa existente ao cambiar o fluxo dos seus accionistas seguros na representación do capital daquela compañía. Unha adquisición corresponderá, por exemplo, á compra da maioría das accións dunha compañía por outra; normalmente, a adquisición está ligada á fusión pola sigla “F&A”. Unha *joint venture* defínese como unha empresa que é creada por outras dúas xa existentes, pero cuxo desenvolvemento sería inviable por unha soa delas; pode estar formada por socios locais ou doutros países, de forma que compartan activos e beneficios, aínda que se esixa un mínimo do 50% do capital subscrito; facilitan a penetración no mercado e comparten o risco.

- As *base companies* ou *sociétés écrans* son sociedades xeralmente localizadas nos PF/CFIO e controladas por beneficiarios residentes en Estados con sistemas fiscais cun alto nivel tributario, constituíndo o vehículo adecuado para manipular os prezos de transferencia.

- Determinadas planificacións fiscais internacionais permiten analizar novos aspectos, tales como artimañas fiscais, entidades híbridas ou estruturas híbridas e instrumentos híbridos. No *oozalum triangle* (figura 2), unhas entidades son fiscalmente transparentes e outras non porque utilizan artimañas legais nas súas planificacións.

Figura 2.- Oozalum triangle




FONTE: Elaboración propia.

En certas xurisdicións fiscais non é ilegal que unha compañía sexa titular indirectamente das súas propias accións, considerándose útil unha estrutura cerrada

envolvente onde cada unha das tres ou máis compañías comparta accións da outra, non existindo accionistas externos (Eastaway, 2000). As tres compañías *X*, *Y* e *Z* situadas nas illas Virxinias Británicas están estruturadas de modo que *X* sexa titular do 50% das accións de *Y* e *Z*, que *Y* sexa titular do 50% das accións de *X* e *Z*, e que *Z* sexa titular do 50% das accións de *X* e *Y*. É difícil construír unha estrutura deste tipo como un *trust* ou asegurar que calquera terceiro sexa un accionista ou que a compañía sexa efectivamente controlada polos directores. Esta artimaña xa non se utiliza no Reino Unido, pero segue utilizándose nas antigas colonias británicas.

- Considéranse *hybrid entities* aquelas entidades con dous tipos de membros: accionistas e avalistas ou garantes. Os primeiros son os administradores da compañía, cuxa participación nos beneficios é do 5%, e os segundos son titulares do 95% dos beneficios, aínda que non teñen dereito a voto. Cando falece un garante, o seu título queda sen ningún tipo de activo ata que se nomee outro garante. Normalmente hai un valor nominal de garantía e, por iso, unha responsabilidade limitada. Estas estruturas son frecuentes en Irlanda, nas illas de Man e nas Caimán (Stanley, 2000). Na figura 3 podemos ver unha entidade híbrida: unha entidade *W* é transparente desde o punto de vista de *X/Y* e *Z*, pero non o é para *W*.

Figura 3.- Entidades híbridas



FONTE: Elaboración propia.

Os instrumentos financeiros híbridos con frecuencia combinan características da débeda e do capital, e son moi variados: beneficios compartindo préstamos, débedas subordinadas en perpetuas, notas convertibles en obrigas convertibles, accións preferenciais intercambiáveis por obrigas cupón cero, etc.

En Holanda a decisión do Tribunal Supremo de 11 de marzo de 1998 clasificou de “híbridas” as seguintes situacións: a intención de prover capital, se o financiador participa no comercio do emisor, se o investimento está subordinado a outros acredores e se o reembolso se produce exclusivamente en caso de insolvencia ou liquidación (Kuiper, 2000).

Os comentarios ao artigo 10 da Convención da OCDE indican e enumeran as características dos instrumentos financeiros para ser considerados como xuros ou capital. Así, os xuros de obrigas convertibles ou participantes non serán considerados dividendos ata ser convertibles en accións. Nalgunhas contratacións é posible


falsear a situación a través dun PF/CFIO, porque a relación financeira ás veces xorde desconectada (por exemplo, o uso de contas numeradas ou pseudónimos).

A clasificación de “híbridos” non é igual en todos os Estados. En EE.UU., por exemplo, é preciso estar nas seguintes situacións: que se conte cunha promesa incondicional de reembolso, que o titular estea subordinado ao acredor, que o titular poida reforzar o reembolso, que o emisor estea lixeiramente capitalizado, e que exista unha relación entre o emisor e o titular.

2.3. EXEMPLOS DE PLANIFICACIÓN FISCAL INTERNACIONAIS

♦ Segundo o modelo da OCDE, na figura 4 presentamos unha planificación fiscal internacional utilizando unha *base company*, un *treaty shopping* e unha sociedade trampolín.

Figura 4.- Planificación fiscal internacional utilizando unha *base company*, un *treaty shopping* e unha sociedade trampolín



NOTAS: *Base company* ou *société écran*; IRO: Imposto de retención en orixe; (*): Xuros do Estado X para o paraíso fiscal con tributación a unha taxa reducida; (**): Xuro do Estado Y para o Estado X sen retención en orixe debido ao pacto fiscal.

FONTE: Elaboración propia a partir do modelo da OCDE.

A sociedade *A*, que ten a súa sede no Estado *Y*—cun elevado nivel tributario—, controla a sociedade *B*, que está establecida nun PF/CFIO. As sociedades *A* e *B* manipulan os prezos de transferencia a través de provisiones de bens de *A* a *B* a prezos reducidos, ou da provisión de servizos de *B* a *A* a prezos elevados, orixinando beneficios na sociedade *B base company*. Se a sociedade *A* lle pide un préstamo á

sociedade *B*, transferirá os beneficios para si mesma, pero con suxeición aos xuros por pagar, que no Estado *Y* (sociedade *A*, matriz de *B*) tributan por retención en orixe a unha taxa do 36%. Para evitar esta situación, realizarase un pacto fiscal entre o Estado *Y* e o Estado *X*, que tamén tributa ao 36%, que poderá eximir ou reducir a tributación en orixe dos xuros entre as entidades implicadas. Así, coa creación dunha “sociedade trampolín” *C* no Estado *X*, esta entidade pediralle un préstamo á sociedade *B* a un xuro do 10,5%, ademais de facilitarlle outro préstamo á sociedade *A*, pero a un xuro do 11,5%. A tributación por retención en orixe relativa aos xuros por pagar entre os residentes do país *X* e as entidades establecidas no PF/CFIO e entre o país *Y* e o país *X* serán menores.

Resumindo, abusouse do pacto fiscal entre os Estados *X* e *Y* polas transferencias disfrazadas de “préstamos”; manipuláronse os prezos de transferencia tanto nas provisións de bens de *A* a *B* como nos servizos de *B* a *A*, e na redución dos xuros por pagar entre *C* e *B* e entre *A* e *C*; transferíronse beneficios disfrazados de “préstamos” (instrumentos financeiros híbridos); a “sociedade trampolín” utilizouse para o uso abusivo do acordo (*treaty shopping*); a *base company* no PF/CFIO acumulou beneficios manipulando os prezos de transferencia; a tributación sobre os beneficios de *B* reduciuse tanto en orixe coma nos intereses resultantes do préstamo a *C*; tributouse no Estado *Y* polos beneficios de *A* a unha taxa sobre os beneficios iniciais; coa manipulación dos prezos de transferencia a favor de *B* deducíronse os xuros correspondentes ao préstamo a *C* e non se tributaron os beneficios como “préstamos”; e para finalizar, a taxa de tributación dos beneficios de *C* no Estado *X* incidíu sobre unha diferenza mínima e igual ao 1% (11,5% – 10,5%), verificándose unha retención en *X* tamén a unha menor taxa sobre os xuros por pagar a *B*.

Admitamos agora que se impuxeran condicións adicionais á situación anterior, é dicir, a empresa *A* coloca o 50% dos seus beneficios no paraíso fiscal e o outro 50% utilízao para facerlles fronte aos xuros que ten que pagar a *C*; as taxas de impostos sobre os rendementos das sociedades son do 3% no paraíso fiscal e do 36% nos países *X* e *Y*, sendo a taxa de retención sobre os xuros de *C* a *A* no país *Y* do 10%. Cal será o imposto total por pagar polo conxunto destas operacións?

$$1 - 50\% - \{[(50\% * 64\%) * (50\% * 64\%) * 97\%] * [(50\% * 64\%) * (50\% * 64\% * 97\%) * 89,5\%] * 90\% * 88,5\} \approx 50,7\%$$

Vemos que o imposto total por pagar nas tres empresas é igual ao 50,7% do valor que tería a empresa *A* se non se realizara todo este proceso de evasión fiscal.


Poderíase debuxar outra situación se a empresa *A* colocara unha cuarta parte dos seus beneficios no PF/CFIO, mantendo todas as demais hipóteses. A resolución do problema sería idéntica á anterior e suporía o 75%. Manténdose todas as demais hipóteses, o imposto total por pagar sería do 75% do valor que a empresa *A* soportaría sen a estratexia fiscal. Son evidentes, sen dúbida, as distorsións causadas pola

manipulación dos prezos de transferencia, polo uso abusivo do acordo e polos beneficios conxuntos da empresa *A* polas estratexias fiscais evasivas.

♦ Un mecanismo de deslocalización fiscal moi frecuente é o uso de tipos societarios adecuados nunha planificación fiscal internacional. Non podemos, porén, realizar a tradicional análise dun proxecto de investimento internacional tanto desde a óptica local como desde a do *parent* cando se trata dun proxecto de investimento directo ou real.

No caso dunha aplicación financeira temos, por exemplo, un investidor que desexa transferir a metade do seu capital de 1.000.000 € (dividendos de accións) dunha sociedade situada en Bélxica a outra situada en Arabia Saudita (figura 5).

Figura 5.- Planificación fiscal internacional dun investidor en Arabia Saudita



NOTAS: Como non existe un pacto fiscal entre Arabia Saudita e Bélxica, os dividendos están suxeitos ao imposto de retención en orixe a unha taxa do 25%. Entre Bélxica e Holanda existe pacto, pero entre Arabia Saudita e as Antillas Holandesas carecemos de información. IRD: Imposto de retención sobre os dividendos; IRB: Imposto sobre os beneficios.

FONTE: Elaboración propia.

Sen unha planificación fiscal internacional o investidor tería que pagar:

$$1.000.000 \text{ €} / 2 * 25\% = 125.000 \text{ €}$$

que corresponden ao 25% da taxa do imposto.

Se efectuase unha planificación fiscal internacional pagaría:


$$1.000.000 \text{ €} / 2 * \{1 - [(1 - 5\%) * (1 - 5\%) * (1 - 5,5\%)]\} = 73.450 \text{ €}$$

que corresponden ao 14,71% da taxa global do imposto.

A ganancia obtida por impostos non pagados sería de 51.450 € (o 10,29%).

♦ A continuación presentamos unha planificación fiscal internacional (PFI) a través das Antillas Holandesas (figura 6). Con esta ruta pretendemos mostrar como un investidor se libra dunha carga fiscal do 30% sobre dividendos enviados desde Suecia a Guernsey e outras situacións nas rutas R_1 , pasando a outras máis suaves en R_2 a través doutras PFI máis convenientes.

Figura 6.- Ruta a través das Antillas Holandesas



NOTAS: Guernsey, Xersey, illas Caimán...: son outras posibles xurisdicións.

u.m. (AHG): a unidade monetaria das Antillas Holandesas é o "guilder".

Taxas de cambio: unidade monetaria (u.m.) en vigor a 31 de decembro de 2004: 1 € = 1,3621 USD; 1 € = 2,4382 ANG (guilder das Antillas Holandesas); 1 € = 139,65 ¥ (ien xaponés); 1 € = 8,2365 NOK (coroa norueguesa).

FONTE: Elaboración propia.

En Suecia o imposto de retención sobre os dividendos (IRD) é do 30% porque os pagamentos a individuos e corporacións residentes tributan como rendemento ordinario. Só aos bancos e a entidades similares residentes se lles esixe o imposto de retención en orixe sobre os pagamentos de dividendos a residentes individuais.

Desde Suecia a Holanda o IRD é do 0% ou do 15%, porque a lei nacional sinala que non hai responsabilidade fiscal para unha entidade legal dun Estado membro da UE se a entidade posúe o 25% ou máis do capital en accións da compañía distribuidora e cumpre as condicións da Directiva 90/435, visando a *parent company and subsidiaries*.

En EE.UU. o imposto de retención sobre os dividendos (IRD) é do 30%. Desde Estados Unidos a Holanda o IRD é do 15% ou do 5%, aplicándose a taxa máis baixa se a compañía estranxeira posúe directamente cando menos o 20% do capital da compañía holandesa.

En Xapón o imposto de retención sobre os dividendos (IRD) é do 20% ou do 35%. Existen frecuentes revisións do protocolo con Holanda. O IRD desde Xapón a Holanda é do 15% ou do 5%, aplicándose a taxa máis baixa se a compañía estranxeira posúe cando menos o 25% das accións con dereito a voto da compañía holandesa, por un período continuo non inferior a 6 meses e inmediatamente antes de que finalice o ano contable a que se refire a distribución dos dividendos.

En Noruega o imposto de retención sobre dividendos (IRD) é do 25%. Desde Noruega a Holanda o IRD é do 15% –ou do 0% se a compañía estranxeira posúe directamente cando menos o 25% do capital da compañía holandesa–.

- 1) Ruta R_1 : En Suecia o imposto de retención sobre os dividendos en orixe é do 30%.
- 2) Ruta R_2 : O imposto de retención sobre os dividendos en orixe utilizando outras xurisdicións fiscais é máis suave, como vemos a continuación:
 - En Suecia non hai imposto de retención en orixe sobre os dividendos.
 - En Holanda hai un imposto de retención en orixe sobre os dividendos do 7,5%.
 - Nas Antillas Holandesas cobrouse un imposto da compañía do 3% por corresponder ao período de transición (en vigor ata o ano 2019).
 - Nos CFIO de Guernsey, Xersey, as illas Caimán, etc., as compañías non tributan, aínda que paguen anualmente as seguintes contías:
 - Guernsey: 600 £.
 - Xersey: 600 £, esixíndoselle a unha *international business company* (IBC) un mínimo de 1.200 £.
 - Illas Caimán: non existen impostos sobre rendementos, beneficios, riqueza, ganancias de capital, vendas, estado ou herdanzas. A principal fonte de ingresos é un imposto que grava o exercicio da maioría das importacións, xunto co licenciamento de honorarios. Así, unha compañía exenta é aquela que declara non ter negocios dentro da illa. A existencia de acordos facilitará os créditos fiscais por pagar.

Como resultados das planificacións fiscais internacionais temos:


- Suecia: O custo fiscal pola ruta R_2 é: $7,5\% + (1-7,5\%) * 3\% = 10,275\% \approx 10,3\%$. A ruta R_2 polas Antillas Holandesas permitiu unha “deslocalización fiscal” e foi menos onerosa para o investidor, como podemos ver: $30\% - 10,3\% = 19,7\%$. Con respecto ás outras xurisdicións, só consideramos o imposto sobre dividendos en cada unha delas e a respectiva retención de imposto na transferencia a Holanda, manténdose igual no demais.
- EE.UU.: Custo fiscal = $5\% + (1-5\%) * 7,5\% + 95\% * (1-7,5\%) * 3\% = 14,76125\% \approx 14,76\%$. A vantaxe obtida na ruta R_2 é: $30\% - 14,76\% = 15,24\%$.

- Xapón: O custo fiscal é do 14,76%, e a vantaxe obtida na ruta R_2 é do 5,24% ou do 20,24%.
- Noruega: O custo fiscal é do 10,3%, e a vantaxe obtida na ruta R_2 é do 14,7%.

Neste exemplo constatamos unha vez máis as vantaxes derivadas dunha planificación fiscal para o investidor/contribuínte en función das rutas elixidas e das condicións pasivas do imposto: o 19,7% en Suecia; o 15,24% en EE.UU.; o 5,24% ou o 20,24% en Xapón; e o 14,7% en Noruega.

O mapa 1 permite visualizar a localización dos PF/CFIO a nivel internacional.

Mapa 1.- PF/CFIO a nivel internacional



NOTAS: 1: Andorra; 2: Austria; 3: Campione de Italia; 4: Chipre; 5: Xibraltar; 6: Irlanda; 7: Xersei, Guernsey, Sark; 8: Liechtenstein; 9: Luxemburgo; 10: Madeira; 11: Malta; 12: Holanda; 13: Mónaco; 14: San Marino; 15: Suíza; 16: Hungría; 17: Anguila; 18: Antigua; 19: Antillas Holandesas; 20: Bahamas; 21: Barbados; 22: Barbuda; 23: Belice; 24: Bermudas; 25: Illas Caimán; 26: Costa Rica; 27: Granada; 28: Illas Virxes Británicas; 29: Montserrat; 30: Nevis; 31: Panamá; 32: Porto Rico; 33: San Vicente; 34: Turks e Caicos; 35: Uruguai; 36: Bahrein; 37: Botswana; 38: Dubái; 39: Yibuti; 40: Xordania; 41: Liberia; 42: Omán; 43: Catar; 44: Somalia; 45: Brunei; 46: Filipinas; 47: Hong Kong; 48: Illas Cook; 49: Illa Marshall; 50: Labuan; 51: Illas Mauricio; 52: Nauru; 53: Illa Norfolk; 54: Illas Séichelles; 55: Singapur; 56: Sri Lanka; 57: Tonga; 58: Vanuatu; 59: Samoa.

FONTE: *Atlas da Historia do Mundo* e elaboración propia.

3. SÍNTESE DO CENTRO INTERNACIONAL OFFSHORE DE MADEIRA (CIO DE MADEIRA) E EXERCICIOS PRÁCTICOS DE PLANIFICACIÓN FISCAL INTERNACIONAL

3.1. O CIO DE MADEIRA

Inclúese un resumo do CIO de Madeira pola necesidade de limitar este traballo, aínda que sexa o resultado dun profundo estudo sobre este arquipélago por-

tugués, situado no océano Atlántico e relativamente próximo ao continente europeo.

Madeira, descuberta no ano 1418 e poboada por portugueses, é hoxe unha rexión autónoma situada no océano Atlántico, con Goberno propio e integrada na UE (Pereira, 1989), cuxa moeda é o euro e que cumpre a Lei do segredo bancario. A Zona Franca de Madeira (ZFM) está na localidade de Caniçal, e foi creada polo DL n° 500/80, de 20 de outubro. O seu desenvolvemento realizouse a través da Sociedade de Desenvolvemento de Madeira (SDM), dispoñendo das seguintes actividades ou servizos: industrias internacionais, rexistro de navíos e *trusts*.

As tres fases nas que se desenvolveu o proceso, baixo unha atractiva e abundante lexislación, a súa situación xeográfica e estratéxica, as facilidades cambiarias, a estabilidade política da que gozou, a beleza da súa paisaxe, o seu clima suave, os modernos medios de comunicación e transporte, a súa variada flora, a *laurissilva* (patrimonio mundial natural), a súa artesanía (encaixes, bordados e artigos de vime), o peixe fresco, a saborosa froita, o famoso viño de Madeira, o MAR (rexistro de navíos), as oito plataformas petrolíferas do Atlántico e a súa xente traballadora e hospitalaria, cuxo turismo se beneficia disto, son os factores clave da súa elección.

3.2. EJERCICIOS PRÁCTICOS DE PLANIFICACIÓN FISCAL INTERNACIONAL

A continuación, imos realizar algúns exercicios de planificación fiscal internacional sen e coa utilización do CIO de Madeira, tales como: 1) unha sociedade italiana que distribúe artigos electrónicos a EE.UU. e a México –*Informat Ltda.*– (sen e coa intervención da Zona Franca de Madeira); 2) un rexistro dunha embarcación de recreo en Portugal –*Gaiamar*– (sen e coa intervención do MAR e non integrada ou integrada na Zona Franca de Madeira); e 3) unha herdanza dun inglés en Portugal (sen e co uso do *trust* de Madeira).

3.2.1. Unha sociedade distribuidora: a *Informat Ltda.*


Informat Ltda. é unha empresa italiana distribuidora de artigos informáticos, situada en Italia, que pretende comercializar produtos tailandeses en EE.UU. e México.

- Situación 1. Sen utilizar a Zona Franca de Madeira:* a) sen “establecementos estables” nos países de destino (EE.UU. e México); e b) con “establecementos estables” nos países de destino (con sucursais en EE.UU. e México).
- Situación 2. Utilizando a Zona Franca de Madeira:* a) sen “establecementos estables” nos países de destino (EE.UU. e México) e cunha “sucursal madeirense”; e b) con “establecementos estables” nos países de destino (con sucursais en EE.UU. e México) e unha “sucursal madeirense”.

O señor Francesco Versace decidiu subcontratar en Tailandia a compra de artigos informáticos para ser vendidos en EE.UU. e en México. A través da sociedade *Informat Ltda.*, localizada en Italia, pretendeu a comercialización internacional de artigos de informática no ano 2004. O prezo e o custo unitario das mercadorías practicados pola sociedade foron, respectivamente, de 300 e de 250 dólares americanos. Vendéronse 750.000 unidades, das cales 500.000 se venderon en EE.UU. e 250.000 en México. A tributación nos Estados de destino foi nula, xa que non se tiveron en conta os “establecementos estables”, aínda que en Italia a sociedade residente tributase pola totalidade dos seus resultados, incluíndo os estranxeiros (principio de universalidade). A taxa media de cambio para o ano 2004 foi a seguinte: 1 € = 1,2439 USD¹, o que implicou que 1 USD = 0,804 €.

♦ *Situación 1. Sen utilizar a Zona Franca de Madeira* (figura 7).

Figura 7.- Informat Ltda. sen utilizar a Zona Franca de Madeira



NOTA: Tamén se recollen as diferentes taxas de imposto aplicadas.

FONTE: Elaboración propia.

a) *Sen “establecementos estables” nos países de destino*: no ano 2005 os resultados estranxeiros de *Informat Ltda.* non estiveron suxeitos a tributación debido a que as súas filiais non foron consideradas “establecementos estables”. Con todo, esta situación dificilmente podería manterse moito máis tempo sen que as filiais fosen sometidas á intervención das respectivas Administracións fiscais locais.

¹ Fonte: Banco Central Europeo. Taxa de cambio de referencia ao euro. Valores medios para o ano 2004 1 € / 1,2439 USD. Banco de Portugal, *Boletim Estatístico*, de xaneiro de 2005.

Na táboa 1 presentamos as operacións de vendas e custos en EE.UU. e en México; na táboa 2 efectuamos o cálculo dos resultados estranxeiros antes de impostos; e na táboa 3, os cálculos dos resultados despois de impostos.

Táboa 1.- Operacións de vendas e custos en EE.UU. e en México

EE.UU.		MÉXICO	
VND	300 USD * 500.000 = 150.000.000 USD	VND	300 USD * 250.000 = 75.000.000 USD
CMV	250 USD * 500.000 = 125.000.000 USD	CMV	250 USD * 250.000 = 62.500.000 USD

Táboa 2.- Resultados estranxeiros antes de impostos (en dólares)

	EE.UU. (0%)	MÉXICO (0%)	TOTAL
Vendas (300/1 \$)	150.000.000	75.000.000	225.000.000
CMV (250/1 \$)	125.000.000	62.500.000	187.500.000
Resultados	25.000.000	12.500.000	37.500.000
NOTAS: Ao non existir “establecementos estables”, non se pagaron impostos estranxeiros en EE.UU. nin en México, situación que non podería manterse por moito máis tempo sen que interviñeran as Administracións fiscais dos Estados implicados. Co principio da universalidade, en Italia o <i>Imposto sobre a renda das persoas xurídicas</i> (IRPX) incidiu sobre os resultados estranxeiros (EE.UU. e México) cuxos impostos foran nulos. A taxa de cambio mantívose.			

Táboa 3.- Resultados despois de impostos (en euros)

	EE.UU.	MÉXICO	TOTAL
Resultados	20.100.000	10.050.000	30.150.000
Imposto en Italia: 41,55%*	8.351.550	4.175.775	12.527.325
Resultados despois de impostos	11.748.450	5.874.225	17.622.675
NOTAS: *Imposto en Italia: 37,3%. En Italia a taxa do <i>IRPEG</i> foi do 37,3% e a taxa do imposto local – <i>Imposto rexional sobre a actividade produtiva (IRAP)</i> – foi do 4,25% aplicada a EP hai máis de tres meses. Despois, a taxa de imposto aplicada foi do 41,55% (37,3%+4,25%). Por hipótese, o rendemento tributable para o <i>IRAP</i> , despois de realizadas as correspondentes deducións, foi igual ao resultado despois de impostos estranxeiros. Resultados globais finais: 30.150.000 € – 12.527.325 € = 17.622.675 €. Taxa do imposto global: 41,55%.			

b) Con “*establecementos estables*” (*sucursais*) nos países de destino: a través da creación deste tipo de establecementos nos países de destino foi posible obter algunhas vantaxes.

Vexamos que sucede manténdose os mesmos valores para o prezo (300 USD) e o custo unitario da mercadoría (250 USD), así como o mesmo nivel de vendas (500.000 unidades para a filial americana e 250.000 unidades para a filial mexicana, cun total de 750.000 unidades). En EE.UU. as taxas do imposto sobre os rendementos (en USD) das sucursais/filiais son idénticas ás das corporacións e iguais ao 35%; porén, existe a posibilidade de recorrer a unha escala de taxas (nesta situación, equivalente ao 35%), segundo se mostra a continuación, aínda que tamén sería posible recorrer a unha escala de taxas do imposto sobre o rendemento federal regular das corporacións:

]0-50.000]	15%
]50.000-75.000]	25%
]75.000-100.000]	34%
]100.000-335.000]	34%
]10.000.000-15.000.000]	35%
]15.000.000-18.333.333]	38%
]18.333.333	35%

Tamén existe un imposto federal sobre o rendemento, cunha taxa variable nunha escala que vai desde o 1% ao 12%. Neste caso foi do 5%, implicando unha taxa conxunta do 40%. Imos facer o cálculo graduado do imposto:

Sobre os primeiros 50.000	[0-50.000]-15%	7.500 \$
Sobre os seguintes 25.000	[50.001-75.000]-25%	6.250 \$
Sobre os seguintes 25.000	[75.001-100.000]-34%	8.500 \$
Sobre os seguintes 100.000	[100.001-335.000]-34%	91.650 \$
Sobre os seguintes 9.665.000	[335.001-10.000.000]-34%	3.286.100 \$
Sobre os seguintes 5.000.000	[10.000.001-15.000.000]-35%	1.750.000 \$
Sobre os seguintes 2.333.333	[15.000.001-18.333.333]-38%	1.266.667 \$
Sobre o excedente de 18.333.333	[18.333.334-25.000.000]-35%	2.333.333 \$
Total		8.750.000 \$
Máis o imposto federal (25.000.000 * 5%)		1.250.000 \$
-Imposto total americano (40%)		10.000.000 \$

En México, a taxa do imposto sobre o rendemento (imposto sobre a renda ou imposto mexicano) no ano 2005 foi igual ao 32%, isto é:

$$\text{Imposto mexicano} = 12.500.000 \text{ USD} * 32\% = 4.000.000 \text{ USD}$$

Nas táboas 4 e 5 podemos observar as operacións efectuadas. O cálculo da taxa de imposto global sobre o resultado preséntase na táboa 6.

Táboa 4.- Resultados antes de impostos (en dólares)

	EE.UU. (40%)	MÉXICO (32%)	TOTAL
Vendas (300 USD * 500.000) en EE.UU. e (300 USD * 250.000) en México	150.000.000	75.000.000	225.000.000
CMV (250 USD * 500.000) en EE.UU. e (250 USD * 2.500.000) en México	125.000.000	62.500.000	187.500.000
Resultados	25.000.000	12.500.000	37.500.000
Impostos legais	10.000.000	4.000.000	14.000.000
Resultados despois de impostos	15.000.000	8.500.000	23.500.000
NOTAS: Para evitar a dobre tributación internacional existe un acordo entre Italia e EE.UU., asinado o 31/08/1995, que concede un crédito fiscal por un importe non superior ao correspondente imposto italiano. Tamén existe outro acordo entre México e Italia da mesma data para eliminar a dobre tributación internacional mediante un crédito fiscal en condicións similares.			

Táboa 5.- Resultados despois de impostos (en euros)

	EE.UU.	MÉXICO	TOTAL
Resultados despois de impostos	12.060.000	6.834.000	18.894.000
Impostos locais	8.040.000	3.216.000	11.256.000
Resultados axustados	20.100.000	10.050.000	30.150.000
Impostos en Italia: 38,25%*	7.688.250	3.844.125	11.532.375
Crédito de impostos	8.040.000	3.216.000	11.256.000
Imposto por pagar	0	628.125	628.125 (México)
Crédito de imposto non utilizado**	351.750	0	351.750 (EE.UU.)

NOTAS: *Imposto en Italia: 38,25%. En Italia a taxa do *IRPEG* foi do 34% (PricewaterhouseCoopers: *Corporate Taxes-Worldwide Summaries*, 2003-2004, p. 381, e *Corporate Taxes-Worldwide Summaries*, 2004-2005. A taxa do imposto pode ser negociada. Aplicouse a taxa do 4,25% do *IRAP*, o que supuxo un 34% + 4,25% = 38,25%. Por hipótese, o rendemento tributable para o *IRAP* (despois de realizar as respectivas deducións) foi igual ao resultado despois de impostos estranxeiros.
 **Crédito de imposto non utilizado: segundo o acordo, o crédito do imposto non pode exceder a fracción do imposto italiano imputable a ese rendemento.
 Como os resultados foron positivos en ambas as dúas sucursais, non foi necesario recorrer á empresa matriz para cubrir as perdas das filiais, dado que non teñen personalidade xurídica independente.

Táboa 6.- Cálculo da taxa de imposto global sobre o resultado (en euros)

	TOTAL
Resultados	30.150.000
Impostos locais	11.256.000
Imposto por pagar en Italia	628.125
Total de impostos	11.884.125
Taxa do imposto final: Impostos totais/Resultados	39,42%
Resultados globais finais: 30.150.000 € - 11.884.125 € = 18.265.875 €.	
Taxa imposto global: 39,42%.	


♦ *Situación 2. Utilizando a Zona Franca de Madeira (ZFM).* Debido á intermediación da ZFM os acordos entre estes países non se aplicaron. Os apartados 1, 2, 4 e 5 do artigo 5 dos acordos fiscais entre Portugal e EE.UU., de 21 de xuño de 1995; entre Portugal e México, de 11 de novembro de 1999; e entre Portugal e Italia, de 14 de maio de 1980, atribúenlle á expresión “establecemento estable” o significado dunha instalación fixa para que a empresa exerza toda ou unha parte da súa actividade. Como exemplos, entre outros, podemos citar un local de dirección, unha sucursal e unha oficina; pero quedarían excluídos, entre outros, un almacén para exportar e entregar mercadorías pertencentes á empresa, un depósito para o almacenamento, ou unha instalación fixa só para comprar mercadorías ou reunir informacións². Baseámonos nestes acordos, na lexislación da ZFM e na fiscalidade dos mencionados Estados.

a) *Sen “establecementos estables” nos países de destino (EE.UU. e México):* neste caso, *Informat Ltda.* utilizou a “sucursal madeirense” da zona franca, que se mantivo baixo o estatuto de exención fiscal ata o ano 2011. Polo que respecta á eliminación da dobre tributación internacional, vimos que na Zona Franca de Ma-

² A estrutura dos acordos de dobre tributación entre Portugal e outros Estados é similar, aínda que poidan existir algunhas referencias específicas, de acordo coa Circular 18/99, de 07/10/99, da Dirección Xeral de Impostos.

deira estas condicións non carecían de aplicación³ (figura 8). Na táboa 7 imos realizar o cálculo da taxa do imposto global sobre os resultados.

Figura 8.- Informat Ltda. utilizando a ZFM



NOTAS: Na figura as frechas indican o destino dos diversos circuitos (monetario, real e da documentación comercial). Tamén se recollen as diferentes taxas de imposto aplicadas.

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 7.- Cálculo da taxa de imposto global

	TOTAL (en dólares)	TOTAL (en euros)
Vendas (300 \$ * 750.000)	225.000.000	-
CMV (250 \$ * 750.000)	187.500.000	-
Resultados	37.500.000	30.150.000
Impostos na Zona Franca de Madeira: 0%		0
Gastos de constitución e manutención*		2.000
Impostos por pagar en Italia: 38,25%		11.532.375
Impostos e gastos totais		11.534.375
Taxa do imposto: (Impostos totais/Resultados)		38,26%

NOTAS: *Gastos de constitución e manutención: sobre 2.000 euros escasos de manutemento anual da actividade, porque os 750 euros da licenza xa foron pagados.
Resultados globais finais: 30.150.000 € – 11.534.375 € = 18.615.625 €.
Taxa de imposto global: 38,26%.

³ Malia que as condicións son idénticas na concesión dun crédito fiscal correspondente ao imposto efectivamente pagado e na aplicación do principio de non discriminación entre os Estados contratantes (Portugal e México, Portugal e Italia, e Portugal e EE.UU.), estes países, así como Portugal a través da Lei 109-B/01, de 27/12, e OE/2002, deixaron de atribuír a dobre tributación nas zonas francas dos países, rexións ou territorios suxeitos a un réxime fiscal claramente máis favorable. Neste sentido, a información está permanentemente dispoñible entre os Estados contratantes.


b) Con “establecimientos estables” nos países de destino (subsidiarias en EE.UU. e México e cunha sucursal madeirense). Nesta situación, *Informat Ltda.*, como unha *qualifying company*, cumpriu o principio das *arm's length*, segundo a directiva europea, entre as empresas do grupo.

Realizáronse os prezos de transferencia de acordo co *fair market* preconizado pola OCDE. Deste modo, a negociación da compra da mercadoría en Tailandia realizouse a prezos competitivos (250 dólares/1), permitindo a venda a 290 dólares/1 en EE.UU. e en México. O prezo inicial mantívose nas subsidiarias estranxeiras (300 USD/1) debido á favorable marxe de intermediación internacional de 30.000.000 de dólares [(290 USD – 250 USD) * 750.000]. Na Zona Franca de Madeira, EE.UU. e México a comercialización foi a seguinte:

ZFM	EE.UU.	MÉXICO
Unidades:	Unidades:	Unidades:
750.000	500.000	250.000
P: 290 USD	P: 300 USD	P: 300 USD
C: 250 USD	C: 290 USD	C: 290 USD

A continuación presentamos o esquema da situación (figura 9).

Figura 9.- Esquema da situación 2



NOTAS: As frechas indican o destino dos diversos circuitos (monetario, real e da documentación comercial). Tamén se recollen as diferentes taxas de imposto das sociedades. Como se trata de empresas con personalidade xurídica independente da empresa matriz, as perdas, se as houberse, terían que solucionalas elas mesmas segundo os trámites legais locais, o que non sucedería no caso de que foran sucursais; porén, foi posible obter certas facilidades dos Gobernos en cuestión.

FONTE: Elaboración propia.

Imos realizar o cálculo graduado do imposto:

Sobre os primeiros 50.000	[0-50.000]-15%	7.500 \$
Sobre os seguintes 25.000	[50.001-75.000]-25%	6.250 \$
Sobre os seguintes 25.000	[75.001-100.000]-34%	8.500 \$
Sobre os seguintes 235.000	[100.001-335.000]-39%	91.650 \$
Sobre os seguintes 335.000	[335.001-5.000.000]-34%	1.586.100 \$
Total		1.700.000 \$
Máis o imposto federal (5.000.000 USD * 5%)		250.000 \$
Imposto total americano (39%)		1.950.000 \$

En México, a taxa do imposto sobre o rendemento foi dun 32%, isto é:

$$\text{Imposto mexicano: } 2.500.000 \text{ USD} * 32\% = 125.000 \text{ USD}$$

As operacións da táboa 8 permiten obter os resultados antes de impostos. A continuación, na táboa 9 presentamos os resultados despois de impostos e gastos no estranxeiro. De seguidido, na táboa 10 calculamos os resultados despois de impostos e, por último, na táboa 11 preséntase o cálculo da taxa de imposto global sobre os resultados.

Táboa 8.- Resultados antes de impostos (en dólares)

	ZFM	EE.UU.	MÉXICO	TOTAL
Vendas 290/1 e 300/1	217.500.000	150.000.000	75.000.000	442.500.000
CMV 250/1 e 290/1	(187.500.000)	(145.000.000)	(72.500.000)	(405.000.000)
Resultados	30.000.000	5.000.000	2.500.000	37.500.000

Táboa 9.- Resultados despois de impostos e gastos no estranxeiro

	ZFM (en euros) (0%)	EE.UU. (en dólares) (39%)	MÉXICO (en dólares) (32%)	TOTAL (en euros)
Resultados	24.120.000	5.000.000	2.500.000	30.150.000
Impostos	0	1.950.000	800.000	2.211.000
Custos de manutención	2.000	-	-	2.000
Total de impostos e gastos no estranxeiro	2.000	1.950.000	800.000	2.213.000
Resultados despois de imp. e gastos no estranxeiro	24.118.000	3.050.000	1.700.000	27.937.000

Táboa 10.- Resultados despois de impostos

	ZFM (en euros)	EE.UU. (en dólares)	MÉXICO (en dólares)	TOTAL (en euros)
Resultados despois de imp. e gastos no estranx.	24.118.000	2.452.000	1.366.800	27.937.000
Impostos por pagar en Italia: 38,25%	9.225.135	937.966,5	522.801	10.685.902,5
Resultados despois de impostos e gastos	14.892.865	1.514.233,5	843.999	17.251.097,5

Táboa 11.- Cálculo da taxa de imposto global sobre os resultados

	TOTAL (en dólares)	TOTAL (en euros)
Resultados	37.500.000	30.150.000
Impostos e gastos no estranxeiro		2.213.000
Imposto por pagar en Italia: 38,25%		10.685.902,5
Total de impostos e gastos		12.898.902,5
Taxa de imposto: (Impostos totais/Resultados)		42,78%
NOTAS: Como non houbo dereito a créditos fiscais, a taxa de imposto global final á que quedou suxeito o rendimento estranxeiro foi pouco incentivadora en relación cos obtidas anteriormente, pero cunha maior seguridade para futuras actividades.		
Resultados globais finais: 30.150.000 € – 12.898.902,5 € = 17.251.097,5 €		
Taxa de imposto global: 42,78%.		

3.2.2. Rexistro dun navío

A Orde 122/2005, de 31 de xaneiro, refírese ao Regulamento do sistema arancelario dos portos do continente; os portos do sur, centro e norte teñen, porén, unha regulamentación arancelaria propia.

♦ *Sen utilizar o Rexistro Internacional de Navíos de Madeira.* O noso enfoque vai integrar no Regulamento de tarifas da Delegación do Instituto Portuario os portos do norte que se utilizan para a subministración de bens e servizos. As embarcacións están suxeitas a diversos rexistros. Sempre que entren nun porto son obxecto dun listado ou rexistro preliminar para identificar a embarcación, o control e as taxas de liberación. A documentación necesaria para o rexistro dunha embarcación de recreo e os gastos mínimos que debe soportar varían (DL 567/99, de 23 de decembro; DL 273/2000, de 9 de novembro; DL 124/2004, de 25 de maio; Orde 122/2005, de 31 de xaneiro). Analizaremos o estritamente necesario: a formulación do contrato de compravenda do barco de recreo *Gaiamar* (documento 1); a solicitude formal do primeiro rexistro do *Gaiamar* nunha compra rápida (documento 2); a páxina do *Libro de rexistros* da Capitanía, relativa ao primeiro rexistro do *Gaiamar* (documento 3); e o rexistro (anverso/reverso) do *Gaiamar* emitido despois da primeira inspección (documento 4).

Tendo presente o Regulamento da Náutica de Recreo, os custos varían segundo o tipo de servizo prestado e a lonxitude da embarcación (DL 124/2004, de 25 de maio); porén, existen diversas inspeccións que se poden realizar nun barco de recreo como, por exemplo, as seguintes: de primeiro rexistro; de modificación de rexistro (por alteración ou non das principais características do barco, se é necesario) ou de inspección complementaria; de mantemento; de exercicio da actividade marítimo-turística; de aprobación do proxecto de construción e expedición do permiso de construción; de aprobación do proxecto de modificación; e de expedición do permiso de modificación.

Documento 1.- Contrato de compravenda do barco de recreo *Gaiamar*

DECLARAÇÃO DE VENDA
(Nome do vendedor) <i>Raul Dias Loureiro</i> , titular do B.I. nº 587157, emitido em 04/05/15, pelo arquivo de identificação de <i>Lisboa</i> e do nº contribuinte 137582424, residente na rua <i>Clube dos Caçadores</i> , 448, 4430 – 057, em <i>Leça da Palmeira</i> , declara ter vendido a (nome do comprador) <i>Manuel da Costa e Silva</i> , titular do B.I. nº 838006, emitido em 03/03/25, pelo arquivo de identificação de <i>Lisboa</i> e do nº contribuinte 147572325, residente na rua <i>João de Barros</i> , 187, 4430 – 057, em <i>Vila Nova de Gaia</i> , a embarcação de recreio denominada <i>Gaiamar</i> , registada na Capitania do Porto de Leixões sob o nº 50500, equipada com o motor nº 354000718, marca <i>Volvo Penta</i> 2004, de 30 Hp, pelo valor de quinhentos mil euros (€ 500.000).
Data: <i>Leça da Palmeira</i> , 05/05/30.
Vendedor: <i>Pela Firma, Raul Dias Loureiro</i>
Comprador: <i>Manuel da Costa e Silva</i> (Selo branco e IS à taxa de 0,8%)

Documento 2.- Solicitude formal do primeiro rexistro da ER *Gaiamar* (compra ao contado)

ANEXO C Modelo n.º 3 Requerimento para solicitar o 1º registo de embarcação de recreio (Sem reserva de propriedade) ⁴
Ex ^{mo} . Senhor ⁽¹⁾ <i>Capitão do Porto</i> ⁽²⁾ <i>Manuel da Costa e Silva</i> , portador do Bilhete de Identidade nº 838 006, de 05/03/25 2003, do arquivo de identificação de <i>Lisboa</i> e do NIF 147572325, residente na rua <i>João de Barros</i> , 187, 4430 – 057, em <i>Vila Nova de Gaia</i> , nacionalidade portuguesa, solicita, nos termos da legislação em vigor, autorização para efectuar o 1º registo sem reserva de propriedade da embarcação de recreio a denominar <i>Gaiamar</i> , cuja identificação completa é indicada em ⁽³⁾ , informação técnica anexa fornecida por IPTM (para as embarcações destinadas à navegação oceânica, ao largo, costeira e das construídas sob a supervisão do IPTM) ⁵ . Informação técnica a anexar ao processo por essa Repartição Marítima, após vistoria (para embarcações destinadas à navegação costeira restrita e em águas abrigadas). Pede deferimento <i>Leça da Palmeira</i> , 20 de Maio de 2005 <i>Manuel da Costa e Silva</i> (Assinatura ⁽⁴⁾)

NOTAS: ⁽¹⁾Capitão do Porto; ⁽²⁾Proprietário: nome completo, residência habitual, nacionalidade, n.º do bilhete de identidade ou passaporte e NIF; ⁽³⁾Classificação da embarcação: comprimento, boca, pontal, arqueação, lotação máxima, cor e material de construção do casco, cor da superestrutura, modelo, nº e data de construção, características do motor, meios de comunicação de salvação e ainda declaração de que a embarcação cumpre com as normas de segurança em vigor; e ⁽⁴⁾Assinatura comprovada mediante a respectiva apresentação do Bilhete de Identidade.

⁴ Este barco de recreio foi pago ao contado, pelo tanto, o comprador passou a ser o seu legítimo proprietário de forma imediata, unha vez cumpridas todas as formalidades do contrato de compravenda.

⁵ Máis adiante preséntase un modelo do documento utilizado para a “información técnica” facilitada polo construtor.

Documento 3.- Páxina do *Libro de rexistros* da Capitania relativa ao primeiro rexistro do *Gaiamar*

Modelo n.º 2 AUTO DE REGISTO EMBARCAÇÕES DE RECREIO Número de registo Aos 30 dias do mês de <i>Março</i> do ano de 2005, no Registo da Capitania de Leixões, na presença do <i>Capitão do Porto, Luis Manuel Ferreira Albuquerque</i> e de <i>João Dias de Oliveira</i> servindo de escrivão, foi analisado o pedido de registo da embarcação de recreio apresentado por <i>Manuel da Costa e Silva</i> residente na rua <i>João de Barros</i>, 187 4430 – 057, em <i>Vila Nova de Gaia – Portugal</i>, o qual atesta o seu direito de propriedade no valor de <i>quinhentos mil euros (€ 500.000)</i>. A referida embarcação será denominada <i>Gaiamar</i>. É do tipo <i>Embarcação de Recreio (ER)</i> e destina-se à zona de navegação <i>oceânica</i>. Foi construída por <i>Raul Dias Loureiro & Filhos, Lda</i>, em 25/02, do ano 2005, sendo-lhe atribuído o nº 50500. O material de construção do casco é de PRFV, apresentando-se com o casco da cor <i>castanha</i> e a superestrutura de cor <i>branca</i>. As dimensões são: comprimento, 20 m; boca, 3,50 m; pontal, 1,90 m. A arqueação é de 2,50 t. A lotação máxima fixada é de 12 pessoas, compreendendo os seguintes tripulantes profissionais: <i>Patrão do Mar: Carlos Gomes Pinto</i> <i>Marinheiro: José Rodrigues Coelho</i> <i>Marinheiro: António Santos Silva</i> <i>Maquinista: Alfredo Pereira Ribeiro</i> Possui os meios de salvação, esgoto, extinção de incêndios, rádio-comunicações e outros electrónicos e instrumentos náuticos (2 jangadas de lotação 6/1, 2 disparadores, 2 embarcações auxiliares de lotação 4/1, 12 bóias simples, 4 coletes com retenida, 4 com sinalização, 4 ajudas, 2 paraquedas, 4 fachos, 4 fumíferos, 4 vertedouros, 4 bombas manuais, 4 bombas eléctricas, 4 extintores (1kgf), 4 extintores (2kgf) e os meios de comunicação VHF, GPS e Rx MSI. Foi-lhe atribuído o indicativo de chamada 3CDV5 e o MMSI 4X). Em face das provas apresentadas e da vistoria efectuada, em 30 de <i>Março</i> de 2005, devidamente anotada no Livro de Embarcação, é esta registada com o nº 50.500, em 30 de <i>Maio</i> de 2005. <i>O Capitão do Porto, Luis Manuel Ferreira Albuquerque</i> <i>O Escrivão, João Dias de Oliveira</i> Averbamentos.....Nota: Sendo inscritos em “avermamentos” as mudanças de residência do proprietário, alteração do nome da embarcação, transferência de propriedade, mudança de qualquer dos elementos transcritos do registo original para o livrete e o cancelamento do registo com a indicação do motivo e o novo número, se for o caso (abate, naufrágio, transferência de actividade e alteração da arqueação, transferência de Registo, etc.).

NOTAS: ⁽¹⁾Capitão do Porto; ⁽²⁾Proprietário: nome completo, residência habitual, nacionalidade, n.º do bilhete de identidade ou passaporte e NIF; ⁽³⁾Classificação da embarcação: comprimento, boca, pontal, arqueação, lotação máxima, cor e material de construção do casco, cor da superestrutura, modelo, n.º e data de construção, características do motor, meios de comunicação de salvação e ainda declaração de que a embarcação cumpre com as normas de segurança em vigor; e ⁽⁴⁾Assinatura comprovada mediante a respectiva apresentação do Bilhete de Identidade.

Documento 4.- Rexistro (anverso/reverso) do *Gaiamar* emitido despois da primeira inspección

ANEXO B Modelo n.º 1		(Modelo 1 – Frente)	
Carimbo e rubrica da entidade que procedeu à vistoria da manutenção		 República Portuguesa EMBARCAÇÃO DE RECREIO	
1 DATA 30/03/05	4 DATA	O livrete como certificado de: a) Navegabilidade perde a validade se não forem efectuadas as vistorias (casco, propulsão, comunicações, meios de salvação, esgotos e extinção de incêndios) previstos na lei. b) Coletes de salvação para todas as pessoas embarcadas.	
VALIDADE	VALIDADE		
2 DATA	5 DATA		
VALIDADE	VALIDADE		
3 DATA	6 DATA		
VALIDADE	VALIDADE		
		* LIVRETE N.º 50500 Entidade que procede ao registo Capitania do Porto de Leixões <i>Luís Manuel Ferreira Albuquerque</i> Selo branco com rubrica do responsável marítimo da entidade que procede ao registo	
TRANSCRIÇÃO DO REGISTO ORIGINAL Motor (Marca, tipo, número, (Hp/KW) e combustível)		(Modelo 1 – Verso) REGISTOS ANTERIORES C. de Ident., Nome e Data de Registo	
A fls. 720 1.º - sob o n.º 50.500 (<i>Volvo Penta</i> , 2004, 354000718, 30 Hp/2KW a gasóleo) fica registada a embarcação de recreio denominada <i>Gaiamar</i> da qual é proprietário <i>Manuel da Costa e Silva</i> residente em <i>R. João de Barros, 187 – 4430-057-V. N. de Gaia-Portugal</i>			
Meios de salvação, esgotos, e extinção de incêndios N.º de jangadas: 2; L. Jangadas: 6/1; N.º dispositivos hidrostáticos: 2 N.º embarcações auxiliares: 2; Lugares auxiliares: 3;		AVERBAMENTOS	
Tipo <i>Convés zona Oceânica</i> Comprimento 20 m; Boca 3,5 m; Pontal 1,90 m...		N.º bóias simples: 12; c/retenida: 4; c/sinal: 4; N.º coletes: 12; N.º arneses: 4; N.º ajudas: 4;	
Arqueação 2,5 t; Lotação 12 Material do casco PRFV		N.º paraquedas: 2; N.º fachos: 4; N.º fumígenos: 4; Vertedouros: 4; Bomba manual: 4; Bomba eléctrica: 4; N.º extintores (1 kgf): 4; N.º extintores (2kgf): 4;	
Côr: (casco) <i>castanha</i> (Superestrutura) <i>branca</i>			
Marca <i>Valianti</i> , modelo <i>Veleiro</i> , n.º 50.500, data de construção 2005			
Meios comunicação: VHF: <i>Sim</i> ; GPS: <i>Sim</i> ; Rx, MSI: <i>Sim</i>			

NOTAS: HP: "Horse Power"; PRFV: Polyester revestido com fibra de vidro; GPS: "Global Positioning System".

⁽¹⁾Capitão do porto; ⁽²⁾Comprador: nome, residência habitual, nacionalidade, n.º do bilhete de identidade ou passaporte e NIF; ⁽³⁾Assinatura comprovada mediante exibição do respectivo do bilhete de identidade.⁽¹⁾Capitão do porto; ⁽²⁾Nome completo e residência do proprietário ou representante legal; ⁽³⁾Abate, naufrágio, transferência de actividade; ⁽⁴⁾Proprietário ou representante legal, assinatura comprovada mediante exibição do respectivo bilhete de identidade.

Tamén deben rexistrarse outros aspectos importantes como o certificado de homologación do barco (se se constrúe en serie), a expedición de cartas⁶, a acreditación da entidade formadora, a renovación da credencial da entidade formadora, os exames para a obtención da carta de navegante de recreo (por candidato e por día de exame), entre outros.

♦ *Situación 1. Utilizando o porto de Leixões (norte de Portugal).* Se optamos por un barco de recreo coas características do *Gaiamar*, os gastos mínimos que deberemos soportar por un primeiro rexistro son os seguintes: 327 euros pola inspección e polo primeiro rexistro; ≥249.398,95 euros polo seguro de responsabilidade civil (DL 689/2001, de 10 de xullo), 30 euros polos servizos técnicos e deslocalizacións efectuadas, 56 euros pola taxa anual de iluminación e balizamento⁷, e 3.012,80 euros pola taxa anual de ancoraxe en porto⁸.

Os “gastos totais mínimos 1” (ETM_1) deste rexistro no primeiro ano foron 252.824,75 euros, que se obtiveron así:

$$ETM_1 = 327 \text{ €} + 249.398,95 \text{ €} + 30 \text{ €} + 56 \text{ €} + 3.012,80 \text{ €} = 252.824,75 \text{ €}$$

Moitas veces é necesaria unha inspección complementaria, por un importe de 56 euros, aínda que no caso do *Gaiamar* non se levou a cabo.

♦ *Utilizando o Rexistro Internacional de Navíos de Madeira.* A Orde 135/94, de 1 de agosto, creou os servizos do Rexistro Internacional de Navíos de Madeira (MAR), integrándoos na Secretaría do Rexistro Comercial Privado da Zona Franca de Madeira, que xa operaba para a matrícula dos navíos comerciais, mediante o DL 96/89, de 28 de marzo, e do DL 393/93, de 23 de novembro, ampliándoo para os barcos de recreo.

Utilizáronse varios documentos para actualizar e mellorar os servizos prestados.

A Orde 222/99, de 28 de decembro, referíase ás taxas pagadas polas entidades autorizadas que operaban no marco institucional do Centro Internacional de Negocios de Madeira, incluíndo, entre outras, as relacionadas cos transportes marítimos e coas embarcacións de recreo.

Neste sentido, despois de ter presentado unha solicitude de autorización, a taxa de instalación, funcionamento e desempeño da actividade foi de 500 euros, e a taxa anual de funcionamento de 750 euros.

A Orde 135/94, de 1 de agosto –e as súas posteriores modificacións recollidas nas Ordes 227/99, de 29 de decembro, e 145/2003, de 29 de outubro–, estableceu a regulamentación do réxime vixente das taxas aplicables aos barcos de recreo.

⁶ En Portugal custan máis de 5 euros se se envían contra reembolso.

⁷ DL 12/97 coa taxa actualizada para o ano 2005.

⁸ Consideramos un custo anual para establecer unha situación equivalente ás dispoñibilidades ofrecidas pola Zona Franca de Madeira, aínda que sexa moi probable que en ambas as dúas situacións o barco de recreo non estea ancorado durante todo o ano.

♦ *Situación 2.* Así, o rexistro e demais prestacións de servizos relativos a barcos de recreo matriculados no Rexistro Internacional de Navíos (MAR) quedan subordinados ao seguinte réxime de taxas: unha taxa inicial por valor de 500 euros, e unha taxa anual de mantemento do rexistro de 500 euros para os barcos de recreo de entre 7 e 24 metros e de 500 euros máis 2 euros por tonelada bruta (tb) para os barcos de recreo maiores de 24 metros.

Despois do rexistro, os barcos de recreo con fins comerciais quedan suxeitos ás seguintes taxas: unha taxa inicial de 1.250 euros, e unha taxa variable por tramo ($tb \leq 250t = 200 \text{ €}$ e $tb > 250t = 0,75 \text{ € por tb}$). O mantemento anual do rexistro supón unha taxa fixa por un valor de 1.000 euros, e unha taxa variable por tramos. A inspección efectuada a petición do propietario ou pola inspección do MAR suporía unha taxa de 100 euros/hora, cun custo adicional pola peritaxe. A cancelación do rexistro implicaría 250 euros para os barcos de recreo con fins lúdico-deportivos, e 650 euros para aqueles con fins comerciais. Aínda poderían aplicarse outras taxas por algunhas prestacións de servizos e outros rexistros que non consideramos, xa que supera os nosos obxectivos.

Desta forma, o rexistro inicial dun barco de recreo coas mesmas características do *Gaiamar* no Rexistro Internacional de Navíos (MAR) implicaría uns ETM_2 por un importe de 250.498,95 euros no primeiro ano, incluíndo un seguro de vida exactamente igual ao do *Gaiamar* (249.398,95 €).

Vexamos a respectiva xustificación: 500 € da taxa inicial pola inscrición do rexistro; 500 € da taxa anual polo mantemento do rexistro para os barcos de recreo entre os 7 e os 24 metros, incrementándose 2€/t para os maiores de 24 metros; $\geq 249.398,95 \text{ €}$ do seguro de responsabilidade civil; e 100 € dos servizos técnicos. Os ETM_2 serían, polo tanto, de 250.498,95 euros, que se obterían así:

$$ETM_2 = 500 \text{ €} + 500 \text{ €} + 249.398,95 \text{ €} + 100 \text{ €} = 250.498,95 \text{ €}$$

♦ *Situación 3.* Se un barco de recreo fose propiedade de entidades autorizadas na Zona Franca de Madeira (ZFM) beneficiaríase da exención da taxa inicial de rexistro e tería unha redución do 20% sobre o importe da taxa anual de mantemento. Os custos dos técnicos e das deslocalizacións efectuadas son nulos, xa que na ZFM sería suficiente con presentar unha copia do informe da sociedade clasificadora do barco de recreo. Vexamos os cálculos dos ETM_3 que se realizarían no primeiro ano:

$$ETM_3 = 500 \text{ €} - 500 \text{ €} * 20\% + 249.398,95 \text{ €} = 249.798,95 \text{ €}$$

A redución efectuada sería igual a:

$$500 \text{ €} + 500 \text{ €} * 20\% + 100 = 500 \text{ €} + 100 \text{ €} + 100 = 700 \text{ €}$$

Comparando as situacións temos:


- O *Gaiamar* rexistrado na Capitanía do Porto de Leixões $\Rightarrow ETM_1 = 252\,824,75$ euros.
- O *Gaiamar* rexistrado no Rexistro de Navíos de Madeira sen unha entidade incluída na ZFM $\Rightarrow ETM_2 = 250.498,95$ euros.
- O *Gaiamar* rexistrado no Rexistro de Navíos de Madeira cunha entidade incluída na ZFM $\Rightarrow ETM_3 = 249.798,95$ euros.

Desta forma, o barco de recreo rexistrado no MAR cunha entidade incluída na ZFM e coas mesmas características que o *Gaiamar* beneficiaríase dunha redución dos ETM de 700 € ($250.498,95\,€ - 249.798,95\,€$) en relación con outro barco idéntico rexistrado no MAR e sen unha entidade incluída na ZFM, aínda que se beneficiase dunha redución de 3.025,80€ ($252.824,75\,€ - 249.798,95\,€$), similar a un barco de recreo idéntico rexistrado no Porto de Leixões.

3.2.3. Utilización dun trust

♦ *Situación 1. Sen recorrer ao trust na ZFM.* O inglés Sir Johnson Hemiston –xa viúvo de Madame Hemiston– viaxou ata Portugal co seu único fillo –Peter Heminston– en decembro de 2003. O seu espírito emprendedor levouno a realizar varias actividades: comprou unha vivenda nos arredores de Porto por 1.000.000 de euros para facilitar as súas frecuentes estadias neste país; un apartamento no Algarve por 275.000 euros para descansar algunhas fins de semana; e un edificio comercial por 4.750.000 euros, que lle permitiría obter rendementos medios anuais de 1.000.000 de euros. Transcorridos preto de dezaioito meses, sufriu un accidente de tráfico, e acabou falecendo recentemente. A situación móstrase na figura 10.

Figura 10.- Propiedades de Sir Johnson Hemiston



FONTE: Elaboración propia.

O seu fillo Peter Hemiston, maior de idade, reclamou a súa herdanza e polos bens situados en Portugal constatou o seguinte:

- A vivenda, por un valor de 1.000.000 euros, nesta transmisión gratuíta de bens⁹ quedou exenta do IMT, pero suxeita ao imposto de timbre cunha taxa do 10%, segundo os artigos 1 e 2 do Código do imposto do timbre. A operación efectuada foi a seguinte:

$$\text{Imposto do timbre} = 1.000.000 \text{ €} * 10\% = 100.000 \text{ €}$$

- O apartamento no Algarve, valorado en 275.000 euros, quedou suxeito ao imposto do timbre cunha taxa do 10% no importe de 27.500 euros ou:

$$\text{Imposto do timbre} = 275.000 \text{ €} * 10\% = 27.500 \text{ €}$$

- O edificio comercial valorado en 4.750.000 euros quedou suxeito ao imposto do timbre cunha taxa do 10%, e ao imposto municipal sobre transmisións onerosas de inmobles (IMT) polo traspaso da actividade por un valor de 4.000.000 de euros a unha taxa do 5% (artigo 16 do Código do imposto do timbre). Como non transcorreran dous anos non foi sometido a unha nova avaliación, totalizándose un importe de 475.000 €, de acordo coa seguinte operación:

$$\text{Imposto do timbre} = 4.750.000 * 10\% = 475.000 \text{ €}$$

O IMT sobre o establecemento comercial (no traspaso da actividade foi de 200.000 €)¹⁰ e correspondeu ao seguinte cálculo:

$$\text{IMT} = 4.000.000 \text{ €} * 5\% = 200.000 \text{ €}$$

- O Mercedes sinistrado retirouse para chatarra, tendo a aseguradora que indemnizar 25.000 euros polo “seguro de vida” e non recaendo sobre ela ningún outro imposto.

Do 1.000.000 de euros anuais de rendemento previsto, xa investiran 500.000 euros en fondos de investimento, os cales estaban exentos de tributación. En depósi-

⁹ En Portugal as exencións do imposto dependen dos beneficiarios dos bens e do tipo de patrimonio que foi legado. Non todos os bens están suxeitos ao imposto; se o patrimonio dispoñible fose aplicado en bens tributables, sería posible atenuar esa tributación. Están exentos o cónuxe, os descendentes (fillos, netos, bisnetos...) e os ascendentes (pais, avós...), que son os lexítimos herdeiros, pagando impostos todos os demais.

Os bens exentos son os valores monetarios, os créditos de seguros de vida, os valores aplicados (fondos de aforro para a xubilación, fondos de aforro para a educación, fondos de aforro para accións, fondos de pensión e fondos de investimento), bens de uso persoal ou doméstico, subsidio familiar, pensións e subsidios a través da Seguridade Social e transmisións sobre suxeitos pasivos do Imposto sobre o Rendemento das Persoas Colectivas (IRC).

Os bens situados en “territorio nacional” pagan obrigatoriamente o imposto do timbre nas seguintes situacións: dereito de propiedade sobre bens inmobles; bens mobles suxeitos a rexistro, matrícula ou inscrición; participacións societarias, valores mobiliarios e dereitos de crédito asociados e certificados de débeda pública; dereitos de propiedade industrial, de autor e similares; transmisións de bens inmobles con gastos de pagamentos expresos; e establecementos comerciais, industriais e agrícolas.

¹⁰ Táboa Xeral do IS, nº 27.1. *Diário da República*, de 12/11/03, nº 262, Série J-A, pp. 7568-7647.


tos á orde están uns 3.500 euros, destinados a gastos correntes e que foron inmediatamente retirados. A situación totalizou 802.500 €, que se obtiveron do seguinte modo:

$$100.000 \text{ €} + 27.500 \text{ €} + 475.000 \text{ €} + 200.000 \text{ €} = 802.500 \text{ €}$$

♦ *Situación 2. Recorrendo ao trust na ZFM.* Se nunha alternativa á situación anterior Sir Johnson Hemiston constituíra un *trust* destes inmobles situados en EE.UU. por un valor equivalente ao da ZFM, o seu fillo obtería algúns beneficios fiscais tales como a ausencia do imposto de sucesión e uns menores custos de transmisión (figura 11).

A taxa media de cambio en febreiro de 2005, cando se procedeu á relación dos bens, era de 1€ = 1,301 USD¹¹.

Figura 11.- Construción hipotética dun *trust* por Sir Johnson Hemiston



NOTA: A confidencialidade e as direccións das relacións establecidas entre o *setlor*, o *trustee*, o *beneficiary* e os respectivos bens tradúcense polas frechas nas liñas discontinuas. A través dunha escritura ou *trustee*, Sir Charles Savill sería o responsable da xestión dos bens do *trust* a favor do *beneficiary*, Peter Hemiston. Na ZFM, despois de rexistrarse o *trust*, só aparecería o *trustee* ou quen o representase, existindo a máxima confidencialidade sobre o *setlor*, o *beneficiary* e o patrimonio do *trust*.

FONTE: Elaboración propia.

Segundo o artigo 7 da Orde 222/99, de 28 de decembro, pola institución do *trust* habería que realizar un pagamento previo de 250 euros. A taxa de instalación e de funcionamento do *trust* sería de 750 euros, e tamén habería un pagamento anual de 2.000 euros, polo que o total destes custos sería de 3.000 euros. Os seus rendementos estarían exentos de tributación, así como os fondos de investimento e o resto do capital.

¹¹ *Economía Pura*, (Maio-Junho de 2005), p. 99.

Dada a confidencialidade que existe, de momento non habería que pagar nada, isto é, non estaría suxeito ao imposto do timbre a propiedade inmoble valorada en 1.000.000 euros:

$$\begin{aligned} 1.301.000 \text{ USD} &= 1.000.000 \text{ €} * 1,301 \\ \text{Imposto do timbre} &= 130.100 \text{ USD} = 100.000 \text{ €} * 1,301 \end{aligned}$$

e tampouco o apartamento do Algarve, valorado en 275.000 euros:

$$\begin{aligned} 357.775 \text{ USD} &= 275.000 \text{ €} * 1,301 \\ \text{Imposto do timbre} &= \text{USD } 35.777,5 \text{ USD} = \text{€ } 27.500 \text{ €} * 1,301 \end{aligned}$$

O edificio comercial por un valor de 4.750.000 euros ou:

$$6.179.750 \text{ USD} = 4.750.000 \text{ €} * 1,301$$

non estaría suxeito aos seguintes custos fiscais: imposto do timbre polo valor dos 475.000 euros ou:

$$\text{Imposto do timbre} = 617.975 \text{ USD} = 475.000 \text{ €} * 1,301$$

nin ao imposto municipal sobre transmisións onerosas de inmobles (IMT) polo valor dos 200.000 euros:

$$\text{IMT} = 260.200 \text{ USD} = 200.000 \text{ €} * 1,301$$

As operacións efectuadas implicaron unha significativa redución de custos, por un importe de 1.044.052,5 USD, como se indica a continuación,

$$\begin{aligned} 130.100 \text{ USD} + 35.777,5 \text{ USD} + 617.975 \text{ USD} + 260.200 \text{ USD} &= \\ &= 1.044.052,5 \text{ USD} \end{aligned}$$

e equivalente a 802.500 €.

Unha simple comunicación das situacións que se produciron, xunto coa presentación dos documentos das operacións realizadas en Madeira, sería suficiente.

Recoñecemos que, malia que o período de tempo é demasiado curto, a redución dos custos fiscais logrados pola nova situación (802.500 euros) compensa sobradamente os custos de instalación e de pagamento anual da estrutura *trust* (3.000 euros), é dicir:

$$802.500 \text{ €} - 3.000 \text{ €} = 799.500 \text{ €}$$

4. CONCLUSIONES

Ao termo deste traballo, facemos fincapé na necesidade de que todos os axentes económicos coñezan o mundo no que viven, facendo uso dos avances tecnolóxicos para superalo máis fácil e rapidamente de maneira que poida posicionarse mellor nesta “aldea global”, onde son moitos e variados os seus “veciños”.

A globalización económica mediante a integración de dúas globalizacións —a real e a financeira—, que se desenvolven a ritmos diferentes, axudou a cavar o foso que existe entre “países ricos” e “países pobres”, a pesar dos esforzos realizados para combatela e de que existan algunhas economías emerxentes (China, India ou Brasil, entre outras).

Os principios que deben guiar a economía pública e a fiscalidade —equidade, suficiencia, eficiencia e neutralidade— tanto a nivel nacional como internacional son de suma importancia, así como facelos efectivos.

O investidor, aínda que prime a maximización dos resultados antes de impostos, tamén valora o aspecto fiscal posterior. Non só son os incentivos fiscais os que revitalizan os investimentos, senón tamén os financeiros e outros, segundo a tipoloxía da OCDE (1984).

De acordo con noso obxectivo, profundamos na análise sobre os PF/CFIO, as súas estruturas de apoio e os beneficios que resultan da súa utilización.

Segundo o modelo da OCDE, no esquema da *base company* o imposto total que pagar conxuntamente por tres empresas sería o seguinte: no primeiro caso, do 50,7% do valor que soportaría a empresa A se non realizara todo o proceso de evasión fiscal; e no segundo caso, do 75% do valor que soportaría a empresa A sen ese proceso evasivo.

Nas situacións que presentamos existiron distorsións debidas á manipulación dos prezos de transferencia, ao uso abusivo de acordos e aos beneficios conxuntos da empresa A pola utilización de estratexias de evasión fiscal.

Nunha planificación fiscal internacional (PFI) dun inversor saudita, comprobamos que substituían unha tributación do 25% sobre os dividendos por outra do 14,71%, entrando nun xogo fiscal que lle proporcionou unha vantaxe do 10,29% (51.450 euros).

As diversas PFI realizadas permitiron non só coñecer os beneficios resultantes, senón tamén sinalar a ruta das Antillas Holandesas, evidenciando as seguintes vantaxes: en Suecia, o 19,7%; en EE.UU., o 15,24%; en Xapón, o 5,24% ou o 20,24%; e en Noruega, o 14,7%.

Estes resultados mostran os beneficios fiscais obtidos a través da PFI e os mecanismos e estruturas de apoio correspondentes ás distintas situacións, reflectindo o seguinte: a utilización das diferenzas significativas dos sistemas fiscais entre as xurisdicións da entidade do contribuínte/investidor e a de acollida; o coñecemento e manipulación do sistema fiscal da xurisdición elixida; a verificación da existencia de tratados entre algunhas xurisdicións; e a utilización das estruturas máis adecuadas para cada situación concreta (*domestic holding companies*, *base companies*, *in-*

ternational holding companies, branches, etc.). “Entidades híbridas” e “instrumentos financeiros híbridos” facilitaron a fuga fiscal entre as xurisdicións máis ou menos gravosas ou mesmo de nula tributación.

As avanzadas técnicas de planificación fiscal internacional cuestionaron a vulnerabilidade dos sistemas fiscais vixentes, considerando lícita determinada situación nun determinado Estado ou rexión, mentres que noutros sería ilegal ou de difícil conexión (lembrems as posibilidades legais do *trust* ao desconectar o titular inicial dos beneficiarios, o *oozalum triangle*, as “sociedades plataforma (coa apertura e cerre segundo as conveniencias dos socios e ás que ás veces se prestan os *holdings*), ademais do recurso ao *treaty shopping*, fóra do tratamento xurídico da OCDE e da UE.

As novas tecnoloxías, que permiten unha relación rápida e altamente sofisticada entre os distintos axentes económicos a nivel mundial, dificultan a percepción total e o control das operacións realizadas por parte das autoridades fiscais dos Estados implicados.

Para situar mellor os PF/CFIO a nivel mundial, presentamos un mapa explicativo destes no que se constata que a maior parte deles están situados xunto a economías desenvolvidas.

A táboa 12 é un resumo dos exercicios prácticos realizados na sección 3, destacando as vantaxes resultantes das PFI sen e coa utilización do CIO de Madeira.

Táboa 12.- Resumo dos exercicios prácticos presentados

CASOS	SEN UTILIZAR O CIO DE MADEIRA		UTILIZANDO O CIO DE MADEIRA	
– ACTIVIDADE DISTRIBUIDORAS <i>Informat, L^{da}</i> – Italia	ITALIA / EE.UU. / MÉXICO		ITALIA / EE.UU. / MÉXICO	
	Resultados (€)	Taxa imposto total	Resultados (€)	Taxa imposto total
	17.622.675	41,55%	18.615.625*	38,25%*
Sen establecementos estables	18.265.875*	39,42%*	17.251.097,5	42,78%
Con establecementos estables				
VANTAXES: Co CIO Madeira e sen establecementos estables os resultados serían de 349.750 €, taxa maior que sen a utilización do CIO e con establecementos estables ou -1,17% no imposto global, malia ter existido facilidades e créditos fiscais.				
– Rexistro de navío <i>Gaiamar</i>	Portugal continental Capitanía do Porto de Leixões		Madeira (MAR)	
			Entidade non incluída na ZFM	Entidade incluída na ZFM
Gastos totais mínimos	252.824,75 €		250.498,95 €	249.798,95 €
VANTAXES: A 3ª situación sería 700 € máis vantaxosa que a 2ª e 3.025,80 € que a 1ª.				
– Herdanza de J. Hemiston para Peter	Portugal continental		<i>Trust</i> CIO Madeira (ZFM)	
Gastos totais mínimos	802.500 €		3.000 €	
VANTAXES: Utilizando o CIO Madeira e o <i>trust</i> os gastos mínimos totais da herdanza serían 799.500 € máis económicos.				

FONTE: Elaboración propia.

Na práctica observamos que os principios que guían a fiscalidade non se materializaron ao cento por cento, debido ás imperfeccións dos propios sistemas nunha adaptación aos tempos modernos, sobre todo polo que respecta á captación de in-

gresos fiscais, unha vez que os factores educativos, preventivos, fiscalizadores e coercitivos (para os prevaricadores) aínda non conseguiron eliminar a fraude e a evasión fiscais, así como o branqueo de diñeiro, que ás veces están asociadas á crecente competitividade dos mercados, á busca de “diñeiro fácil” e á limitación dos recursos económicos dos individuos en moitas rexións do globo. Á súa vez, as estruturas de apoio poderán ser transformadas e adaptadas a situacións futuras. É cuestionable, polo tanto, se este é o mellor medio para alcanzar o desenvolvemento.

Estando actualmente o mundo cada vez máis integrado e sendo as economías moi interdependentes, faise imprescindible unha coordinación internacional das políticas macroeconómicas a través de organismos supranacionais que tamén promovan as economías menos desenvolvidas.

A tarefa non é fácil, porque é preciso atender aos factores específicos de cada sociedade, isto é, políticos, sociais, ambientais, relixiosos, económicos ou fiscais, entre outros, co fin de suavizar o impacto desas políticas, pero é posible que chegue ese día se todos queremos.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBI, E.; GONZÁLEZ, M.; ZUBIRI, I. (2000): *Economía Pública II*. Barcelona: Ariel.
- BENDELOW, E. (2000): “International Trends in Offshore Trading Structures”; “The Offshore World in the Next Millenium”, *Conference Offshore 2000*. Lisboa.
- CHONG, D. (2000): “Far Eastern Tax Planning Structures”, *Conference Offshore 2000*. Lisboa.
- CHRYSO, D. (2000): “International Asset Protection and Estate Planning”, *Conference Offshore 2000*. Lisboa.
- DE LA DEHESA, G. (2003): *Globalización, desigualdad y pobreza*. Madrid: Alianza.
- DE LA DEHESA, G. (2007): *Comprender la globalización*. Madrid: Alianza.
- DE LA DEHESA, G. (2010): *La primera gran crisis financiera del siglo XXI*. Madrid: Alianza.
- EASTAWAY, N. (2000): “The UK in International Tax Planning”, *Conference Offshore 2000*. Lisboa.
- EITMAN, D.; STONEHILL, A.; MOFFET, M. (1994): *Multinational Business Finance*. 7ª ed. Edison Wesley.
- EZQUERRO, T. (2001): *Manual de fiscalidad internacional*. Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- GOMES, M. (2004): *Leis marítimas*. Almedina.
- HAMPTON, M.; ABBOTT, J. (1999): *Offshore Finance Centers And Tax Havens: The Rice of Global Capital*. Ichor Business Books.
- INE (2004): *Anuário estatístico da Região Autónoma da Madeira, 2003*.
- LEITÃO, L. (1993): *Evasão e fraude fiscal internacional*. Lisboa: DGI.
- LEVASSER, M.; QUINTART, A. (1992): *Finance*. 2ª ed. Paris.
- LIVRARIA ALMEDINA (2003): *Código do imposto sobre rendimento das pessoas colectivas (CIRC)*.

- LIVRARIA ALMEDINA (2004): *Código do imposto sobre rendimento das pessoas colectivas (CIRC). Anotado.*
- LIVRARIA ALMEDINA (2005): *CIRC. Anotado.*
- LOHMAN, S. (2000): “Anti-Money Laundering Compliance, Practical Due Dilligence and Managing Exposure”, *Conference Offshore 2000*. Lisboa.
- MUSGRAVE, R. (1959): *The Theory of Public Finance*. New York: MacGraw-Hill.
- MUSGRAVE, R.; MUSGRAVE, P. (1989): *Public Finance in Theory and Practice*. 5ª ed. New York: MacGraw-Hill.
- OCDE (1977a): “Comentários relativos aos artigos do modelo de Convenção da OCDE destinada a evitar as duplas tributações em matéria de impostos sobre o rendimento e o capital”, *Ciência e Técnica Fiscal*, 351, pp. 319-408.
- OCDE (1977b): “Modelo de Convenção de dupla tributação sobre o rendimento e o capital”, *Ciência e Técnica Fiscal*, 159. Lisboa: Centro de Estudos Fiscais.
- OCDE (1987): *L'évasion et la fraude fiscale internationales. Quatre études.*
- OCDE (2000): *Could Institutional Reform Have Saved Easter Island?*
- PORTER, M. (1980): *The Competitive Advantage of Nations*. New York: Free Press.
- PRICEWATERHOUSE COOPERS (2003): *Corporate Taxes, 2003-2004. Worldwide Summaries*. Wiley.
- PRICEWATERHOUSE COOPERS (2005): *Corporate Taxes, 2005-2006. Worldwide Summaries*. Wiley.
- SILVA, J. (2005): *Testamentos e heranças*. 2ª ed. Proteste.
- SPITZ, B. (1999): *Guía de paraísos fiscales*. Madrid: Harcourt.
- TORRES, J. (2001): *Legislação portuária*. Almedina.
- VARANDA, N. (2003): *Regulamento Geral das Capitánias*. Porto: Almedina.
- VÁZQUEZ TAÍN, M.A. (1998): *La tributación del capital en una economía globalizada: especial referencia a la eficiencia en la asignación*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.
- VILLARES, R.; BAHAMONDE, A. (2001): *El mundo contemporáneo: siglos XIX y XX*. Madrid: Taurus.
- XAVIER, A. (1993): *Direito tributário internacional. Tributação das operações internacionais*. Coimbra: Almedina.